



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

<b>Expediente</b>	1663/2023
<b>Código SIA</b>	1428945
<b>Procedemento</b>	Seleccións de Persoal e Provisións de Postos
<b>Asunto</b>	Proceso selectivo para a cobertura de 5 prazas para persoas en situación de risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia para o ano 2023.
<b>Unidade Xestora</b>	320 - Recursos Humanos e Promoción Económica
<b>Documento</b>	Resolución da Alcaldía
<b>Trámite</b>	Listaxe definitivo de admitidos/as e excluídos/as e nomeamento do tribunal, para a contratación laboral temporal de cinco persoas desempregadas beneficiarias de Risga como peóns de obras e servicios.

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

### I. Antecedentes.

1. Resolución da Alcaldía núm. 2023-0420 (CSV: AS5K235R99T67HHAXECCEQRCS), rectificada pola Resolución de Alcaldía núm. 2023-0517 (CSV:3PDHJ4RWZAXW22JMLREZALNMW), pola que se solicita unha subvención á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade por importe de 76.289,40€ para a contratación de persoal en risco de exclusión social perceptoras da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) para o ano 2023.
2. Notificación de concesión de subvención con data 09.05.2023 núm. 2023-E-RC-3014 por importe de 76.289,40€ para a contratación de 5 persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA.
3. Resolución da Alcaldía núm. 2023-0960 de data 11.05.2023 de aceptación da subvención concedida pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. (CSV:4G5C9K6DA6WN4Z434YN7TF6ST).
4. Proposta da Concellería de Economía, Emprego, Turismo e Persoal para a aprobación de bases do proceso selectivo para a contratación de 5 persoas desempregadas beneficiarias da RISGA para a prestación do servizo de inclusión, subvencionado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. (CSV:AXKF9Y3ZSXLDAQAQP3M72P3C).
5. Informe de secretaría núm. 2023-0043 de data 28.05.2023. (CSV: 92ETK9DWX4JWR5WZ26L9MXNWP).
6. Informe de Intervención núm. 2023-0042 de data 30.05.2023, de reparo con efectos suspensivos da tramitación. (CSV:3NC7F3N6W4X9FZRZ6X46MZFK2).
7. Informe de discrepancias da concelleira de Economía, Emprego, Consumo, Turismo e Persoal de data 30.05.2023. (CSV:99THTGMD7XLPRJ4F3MEWTC96H) .
8. Resolución da Alcaldía núm. 2023-1109 de data 31.05.2023 de aprobación das bases do proceso selectivo para a contratación de 5 persoas desempregadas beneficiarias da RISGA para a prestación do servizo de inclusión. Recóllese na Base 6ª como data límite de presentación de solicitudes polas persoas aspirantes o 05.06.2023. (CSV:9S3TXRGPZMD2RAT6NHLWCH6XW) .
9. Remisión da listaxe de candidatos pola oficina de emprego de Cangas sobre á oferta n.º 12/2023/5977 presentada polo Concello de Bueu para o proceso selectivo de contratación de 5 persoas beneficiarias de RISGA na ocupación de “peón”.
10. Renuncia presentada pola aspirante Rosario Domínguez Sanjorge con data 02.06.2023 e núm. de rexistro 2023-E-RC-3691.





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

11. Renuncia presentada polo aspirante Pablo Núñez Estévez con data 02.06.2023 e núm. de rexistro 2023-E-RC-3713.

12. Dilixencia da Técnico de Recursos Humanos e Promoción Económica facendo constar os intentos de contacto fallidos da aspirante María Carmen Barreiro Regueira, remitida pola oficina de emprego de Cangas.

## II. Normativa aplicable e consideracións xurídicas.

1. Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

2. Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos Traballadores.

3. Real Decreto Lexislativo 3/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Emprego.

4. Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de Emprego.

5. Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia.

6. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime local.

7. Real decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

8. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

9. Convenio Colectivo do Persoal Laboral ao servizo do Concello de Bueu (BOP núm. 179 de 17.09.2014).

Téndose rematado o prazo de presentación de solicitudes, e segundo o establecido nas bases reguladoras do proceso selectivo, esta alcaldía, de acordo coas facultades sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia e resto da normativa concordante

## RESOLVE:

1º. Aceptar as renuncias a participación no proceso selectivo presentadas polos aspirantes Rosario Domínguez Sanjorge e Pablo Núñez Estévez.

2º. Non habendo casos de subsanación da documentación presentada polos aspirantes, aprobar a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo convocado para a cobertura de 5 prazas en réxime laboral temporal, para beneficiarios da renda de integración social de Galicia (RISGA), para a prestación do servizo de inclusión. En consecuencia, declarar admitidos/as definitivos os aspirantes que figuran no Anexo I que se xunta coa presente resolución, a excepción dos que expresamente se exclúen do Anexo I e que figuran relacionados no Anexo II.

3º. O Tribunal cualificador, como órgano de selección, constituirase o vindeiro 07.06.2023 as 09:00 horas no Salón de Plenos do Concello, e quedou integrado, en base ao disposto na base 7º das bases reguladora, que resulta do art. 59 da lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, e do art. 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, polos seguintes, membros, titulares e suplentes:

**Presidente/a:**





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

Titular: Marcos Vázquez Campaña, Interventor do Concello de Bueu (funcionario con habilitación de carácter nacional).

Suplente: Jaime Marcos H. Carmelo Sixto García, Tesoureiro Accidental do Concello de Bueu (funcionario con habilitación de carácter nacional).

**Secretario/a:**

Titular: Ángela M. Agulla Cabodevila, Auxiliar Administrativa do Concello de Bueu.

Suplente: Isabel Navarro Lustre, Xefa Negociado Accidental de rexistro, atención ao público e padrón do Concello de Bueu.

**Vogais:**

1º Titular: Álvaro Otero Martínez, Oficial Albanel do Concello de Bueu.

Suplente: Benito Pouso Carrera, Cabo Xefe accidental da Policía Local do Concello de Bueu.

2º Titular: María Jesús Fazanes Estévez, Auxiliar Administrativo do departamento de Intervención do Concello de Bueu.

Suplente: Jaime Estévez Gómez, Policía Local do Concello de Bueu.

3º Titular: Belarmino Barreiro Rosales, Técnico Medio de Arquivo e Documentación do Concello de Bueu.

Suplente: Marina Sanjuan Núñez, Xefa Negociado do departamento de Urbanismo do Concello de Bueu.

Os membros do tribunal cualificador deberán absterse de intervir, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os aspirantes, poderán recusar os membros do Tribunal cando nos mesmos concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no art. 24 da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

4º. Ordenar a publicación desta resolución e das listas que figuran como anexos I e II no taboleiro de Edictos e na sede electrónica do Concello (<https://bueu.sedelectronica.gal>) (apartado Información xeral - Taboleiro de anuncios / Sección Emprego Público) sen prexuízo de que, de forma complementaria, se publique na páxina web do Concello.

5º. Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse ben o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ao amparo do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, ao amparo do artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e o artigo 46 de Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

*Documento asinado electronicamente á marxe*





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

**Anexo I.- Listaxe de aspirantes admitidos definitivamente.**

Aspirantes	DNI
Estévez Pastén, Juan José	***9153**
Gómez Núñez, Alberto	***1040**
Juncal Martínez, Francisco Manuel	***1009**
Lutzer, Andrés Manfredo	****6909*
Melo Coelho, Jose Carlos	****4010*
Molanes Juncal, Jose Daniel	***4153**
Sánchez González, Esperanza	***9213**

**Anexo II.- Listaxe de aspirantes excluídos definitivamente.**

Aspirantes	DNI	Motivos
Domínguez Sanjorge, Rosario	***9780**	Renuncia
Núñez Estévez, Pablo	***9680**	Renuncia

